


**PUBLICADO O VOLUME ANUAL DA REVISTA TELMUS CON INTERESANTES
COLABORACIÓN DE CATEGORIA INTERNACIONAL**

TELMUS o Anuario do Instituto Teológico/Seminario Maior S. José de Vigo , acaba de ver a luz no seu quinto volume correspondente ao ano pasado e enchendo de calidade intelectual os seus habituais cinco seccións: I. Estudos sobre o Sacerdocio (cara ao 50º de Presbyterorum Ordinis). II. Outros estudos. III. Comentarios. IV. Memoria do Curso Académico 2011-2012. V. Recensiones e Apuntes. “Non é fácil editar e manter a un nivel aceptable unha revista de Estudos Eclesiásticos. Máxime si non se conta con axudas. Telmus estao intentado e, polo momento, estao logrando. Un mérito, sen dúbida, do seu director, o Prof. Anxo Marzoa”, afirma Guillermo Juan Morado director do Instituto Teológico vigués.



A sección dedicada a “**Estudos sobre o Sacerdocio**” reúne catro traballos. **Mons. Celso Morga, Secretario da Congregación do Clero**, escribe sobre “A continencia perfecta e perpetua polo Reino dos ceos”. **Mons. Juan Ignacio Arrieta, Secretario do Pontificio Consello para os Textos Legislativos**, aborda “O exercicio da autoridade como servizo eclesial”. Manuel de Santiago, sacerdote de Tui-Vigo, titula a súa contribución “O sacerdote servo e á vez administrador prudente da divina Misericordia”. Yolanda Obregón García aporta un detallado ensaio sobre San Juan de Ávila: “Namorar os ollos de Deus. Audi Filia, un texto vivo da literatura espiritual do Século de Oro”.

En “Outros Estudos” atopamos oito contribucións, a maior parte delas de profesores do Instituto Teológico de Vigo e de mozos investigadores de Galicia. Estes son os seus títulos: “A procura da verdade desde Newman ata Benedicto XVI”, de Guillermo Juan Morado; “Reflexión pastoral sobre a Carta Apostólica Porta fidei”, de Juan Luís Martínez Lorenzo; “Tridimensionalidad da Fe cristiá. Comprensión da Fe cristiá segundo a relación triádica de C.S. Peirce”, de Óscar Roia; “O logos do tempo. Introdución filosófica á obra de María Zambrano”, de José Carlos Rodríguez Álvarez; “Vigo, a “Betania` de Manuel García Morente na súa *itinerarium fidei*”, de Óscar Valado Domínguez; “As claves da urxencia educativa no magisterio de Benedicto XVI”, de Leonardo Fontes Branco; “Poderes públicos e patrimonio cultural da Igrexa. Especial atención ao dereito autonómico de Galicia”, de J. Mª Martí Sánchez, e “O delito de aborto. Concepto penal canónico, autoría e complicidade”, de Anxo Marzoa.

En “**Comentarios**”, J. Bernal Pascual escribe sobre as “Normas sobre novos procedementos de imposición de penas”.

O apartado IV recolle a **memoria académica do Curso 2011-2012**, elaborada por José Vidal Novoa.

A sección de “Recensiones e Apuntes conta cunha ampla nota bibliográfica, de Diego Pérez Gondar, sobre “Lecturas bíblicas con motivo do Ano da fe”, así como doutros apuntes de obras teológicas. -Textos traducidos-